

APORTACIONES PARA UN ESTUDIO DO CARNEIRO ALADO DE RIBADEO

por Fernando Arribas Arias

Como depósito de D. Alvaro Gil Varela, o 17 de abril de 1976 entra no Museo Provincial de Lugo unha singular e “enigmática” peza: o carneiro alado de Ribadeo. Dicimos “enigmática” porque ignoramos case completamente a súa filiación e as circunstancias —lugar, ano, etc.— do seu achado.

Parece ser que foi atopada ó draga-la ría de Ribadeo en 1945 e, posteriormente, adquirida por D. Alvaro Gil Varela en Madrid¹ Pero esta información, sobre a que temos certas reservas,² non é fidedigna e non nos permite establecer dun xeito fehaciente o contexto arqueolóxico do achado do carneiro alado.

O descoñecemento deste contexto, é o primeiro problema que suscita esta extraordinaria peza existente no Museo Provincial de Lugo, e unha solución a esta cuestión contribuiría enormemente a resolve-la súa filiación cultural.

Descrición

A peza que nos ocupa representa, como xa se dixo, un carneiro alado. Pesa 50 gramos e mide 6,5 cm. de alto e outro tanto de longo. Realizada en ouro, oca no seu interior, atópase profusamente decorada con granulado e filigrana.

Case todo o corpo de animal está recuberto por unha especie de escamas semicirculares, confeccionadas con fio de filigrana retorcido, semellando a pel lanosa dos carneiros. Esta filigrana retorcida aparece tamén disimulando as unións e perfilando distintas partes do animal (patas, ollos, etc.).

Figuras zoomórficas e rosetas exapétalas son outros elementos decorativos do carneiro de Ribadeo. As primeiras localízanse nos costados e nos cuartos traseiros. Trátase de dúas aves deitadas —que Maluquer de Motes identifica como patos— e dous cuadrúpedos que, en opinión de Arias Vilas e Blanco Freijeiro, son cabras; se ben este último di que tamén pode tratarse de gacelas. Sen embargo, Maluquer pensa que pode tratarse dun león, “por reproducir el esquema característico para este animal en el arte etrusco orientalizante que será adoptado por todo el mundo continental”.³

1) Véxase Arias Vilas, Felipe: “Tres nuevas piezas de la colección A. Gil Varela en el Museo Provincial”. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo. Números 85-86, 1976, p. 250 ss. e Blanco Freijeiro, Antonio: “El carnero alado de Ribadeo”. Revista Bellas Artes, número 53, setembro/outono 1976, páxs 4 ss.

2) ¿Foi dragada a ría de Ribadeo en 1945? Felipe Arias Vilas comentoume que recabou do Servicio de Costas esta información, e que non había novas destas tarefas na década dos coarenta en Ribadeo.

3) Maluquer de Motes, Juan. “La riqueza occidental y el carnero alado de oro, de la ría de Ribadeo, conservado en el Museo de Lugo”. Memoria del Instituto de Arqueología y Prehistoria, Universidad de Barcelona 1976, pág. 27.

O contorno destas catro figuras está realizado con filigrana, pero o seu interior aparece recuberto por un finísimo granulado. Esta técnica repítese nas rosetas, localizadas nos cuartos dianteiros e no peito do animal.

O carneiro presenta a testa erguida, en actitude balante. A boca, aberta, e o fuciño están decorados con granulado; sistema que aparece tamén nos retortos cornos e nas puntiagudas orellas. Dous grupos, formados por catro gránulos perfilados con filigrana, de forma rómbica ornamentan as fazulas e a fronte. Dous círculos concéntricos de filigrana dan forma ós ollos.

No pescozo, tres fias de “escamas” semicirculares, confeccionadas con filigrana, dan paso a un ancho collar decorado con grupos de granulado semellantes ós das fazulas e a fronte.

O rabo do animal ofrece catro fias de granulado, mentras que as ás —curvadas cara diante— presentan unha ornamentación granulada agrupada en fias e acios de distintos tamaños.

Estudios

Aparte dun artigo publicado en “La Voz de Galicia”,⁴ a primeira aproximación analítica ó carneiro alado de Ribadeo realízaa Felipe Arias Vilas, nun traballo publicado no “Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo” en 1976.⁵ Neste traballo, Felipe Arias conclúe que “toda la decoración,, finísima y de extraordinaria maestría y la misma figura del animal alado nos pone en contacto con las técnicas y tradiciones orfebres del Mediterráneo, llegados de su parte oriental y asimiladas y desarrolladas de modo boyante en el área tartésica hasta el siglo VI y V a J. C., por lo menos”.

A primeira exposición pública do carneiro alado coincide coa celebración en Lugo do Coloquio Internacional do Bimilenario, espertando —según Arias Vilas— tal espectacular entre os asistentes que dous especialistas, Antonio Blanco Freijeiro e Juan Maluquer de Motes, publican, pouco despois, senllos estudos sobre esta extraordinaria peza.

No seu traballo,⁶ Blanco Freijeiro establece que “el tipo de carnero es desde lugo oriental”, característica que nega para o estilo. Na súa opinión, trátase dunha “versión tartésica del prototipo oriental”, inclinándose —pero non de xeito categórico— a consideralo como unha obra de ourivería castrexa prerromana con influencia tartésica. O que sí afirma rotundamente é que a cronoloxía do carneiro alado “ha de caer en época helenística”.

Pola súa parte, J. Maluquer de Motes⁷ coincide con Blanco Freijeiro na temática orientalizante da xoia, e coida co carneiro alado de Ribadeo garda relación coa lenda grega de Jasón e o velocino de ouro. Na súa opinión, a figura representa o símbolo grego de riqueza, felicidade; “símbolo trasladado al occidente tartésico masaliota gracias a los focenses”.

“El realismo del carnero —dí Maluquer— nos indica que es posterior a mediados del siglo VI”, establecendo como cronoloxía máis probable o 525 e 475 a. C., Maluquer conclúe dicendo que “atribuimos gustosamente esa pieza a un taller griego o por su barroquismo a un taller etrusco más helenizado que semitizado, sin que pueda descartarse la posibilidad de que algún día se documente la existencia de un taller occidental, fuera tartésico o galaico”.

4) “La Voz de Galicia” 24-IV-1976.

5) Arias Vilas, Felipe. Op. Cit. Páx. 251.

6) Blanco Freijeiro, Antonio. Op. Cit. Páx. 5 ss.

7) Maluquer de Motes, J. Op. Cit. Páx. 35.

Para Maluquer, a figuraña do carneiro é realista; mentras que para Blanco Freijeiro “es poco realista, no ya por su decoración, sino incluso por su forma”⁸ Nembargante, ámbolos dous coinciden en sinalar a ausencia de paralelismos, aspecto moi importante á hora de establecer hipóteses sobre a orixe da peza.

A cabra de Suiza

Na fundación Abegg de Suiza, consérvase unha figuraña moi semellante á existente no Museo Provincial de Lugo. Trátase dunha “cabra ibérica” —así a teñen catalogada— realizada en ouro, de igual tamaño ó carneiro alado (6,5 cm.), e unha decoración a base de granulado e filigrana.

Gran parte do corpo de esta peza está ornamentada con filigrana retorcida a xeito de “escamas” semicirculares —rabo e patas incluídos— agás os lombos e cuartos traseiros de dianteiros. Nos primeiros, a decoración consiste en grupos de gránulos perfilados con filigrana que deixan superficies lisas á vista.

Figuras zoomórficas: un cérvido e un felino —posiblemente un león— son os motivos que aparecen nos cuartos dianteiros e traseiros. Ambalas dúas figuras están realizadas do mesmo xeito: silueta de filigrana e interior de granulado.

A testa, como a do carneiro alado, está lixeiramente erguida, coa boca aberta, en actitude de emitilo seu característico sonido. Dous círculos concéntricos forman os ollos; empregándose a mesma técnica para a decoración da boca e da fronte. Pola contra, os cornos —longos e ondulados— ornáméntanse cun tupido granulado semellante ó do lombo.

No pescozo, seis fias de “escamas” de filigrana —motivo presente tamén nas puntiagudas orellas— anteceden a un ancho colar decorado con grupos de gránulos.

Paralelismos

As dúas figuras presentan máis similitudes ca diferencias, a pesar de tratarse de animais distintos. As dúas son de ouro, e o seu tamaño é semellante. Tamén son comúns os tipos de ornamentación (filigrana e granulado) e a súa forma (“escamas”, grupos de gránulos, etc.).

Tanto o carneiro como a cabra aparecen coa testa erguida e a boca aberta en actitude de balar. A forma dos ollos e a súa confección é idéntica, apreciándose igualmente unha notable similitude na forma puntiaguda das orellas.

Patras e pezuñas gardan unha estreita relación, así coma tamén os respectivos colares.

Carneiro e cabra presentan algunhas diferencias. Na segunda, por exemplo, as rosetas exapétalas están ausentes; e as “escamas” de filigrana non recubren totalmente o corpo deste animal, deixando espazos libres ornamentados con grupos de granulado.

As figuras zoomórficas, máis naturalistas na peza de Suiza, difiren na localización e no tema: ave-cérvido; se ben a súa realización é semellante.

O carneiro alado leva na cara rombos de granulado, motivo ornamental inexistente na cabra de Suiza. As orellas, aínda que nos dous casos son puntiagudas, difiren no tamaño e na decoración. Hay que dicir tamén que as fias de “escamas” ou semicírculos do pescozo son menos numerosas no carneiro de Ribadeo.

8) Blanco Freijeiro, A. Op. Cit. Páx. 5.

Nembargante, a pesar destas diferencias, a impresión que nos causan estas figuras é que foron realizadas pola mesma mao ou que unha se inspira na outra. A existencia dun paralelismo entre elas é evidente.

A figura de Suiza constitúe, ó noso xuízo, un novo e importante punto de referencia a ter en conta para posteriores estudos sobre o carneiro alado de Ribadeo. Xa vimos que, se ben había certas reservas pola insuficiencia de datos, os autores citados inclinábanse por considera-lo carneiro como unha peza dos séculos VI e V a. C., ou algo posterior⁹—época helenista— de filiación grega ou etrusca, sen excluí-la posibilidade dun taller castrexo con influencia tartésica.

Pola contra, segundo os datos dos que dispoñemos ata agora, a cabra de Suiza está catalogada na Fundación Abegg como unha obra selxúcida dos séculos XI ó XIII d. C. Esta notoria diferenza cronolóxica e de cultura require unha explicación que, de momento, non se está en condicións de facer. Descoñecemos-lo contexto arqueolóxico (procedencia, achado ou excavación, ano, etc.) e os criterios nos que se basa a clasificación desta figuriña como unha peza de ourivería selxúcida. Pera temo-la impresión de que ignoraban a existencia do carneiro alado de Ribadeo e os estudos sobre él realizados. No caso de Arias Vilas, Blanco Freijeiro e Maluquer de Motas, sabemos positivamente que, no momento da súa investigación, non tiñan referencias da cabra de Suiza, aínda que logo, o coñecemento desta fíxose precisamente a través do primeiro.

Conclusiones

Se ben non descartamos a aparición de novas figuriñas semellantes, o coñecemento da existencia das dúas pezas constitúe, ó noso entender, un importantísimo dato que necesariamente haberá que ter en conta para posteriores estudos da ámbalas dúas pezas.

Pero, deixando aparte o seu paralelismo, os estudos que se fagan sobre estas xoias de ourivería deben se-lo resultado dunha investigación rigorosa que debe contar e basarse no maior número de datos posibles. Aspecto destacable desta investigación ten que ser un estudio técnico baseado en:

a) Unha análise radiolóxica que nos permite coñecer a estrutura interior das figuriñas e das zonas ocultas á vista. Con este método, “pueden documentarse técnicas de moldeado en hueco, sistema de ensamblaje y unión, disposición de incrustaciones y esmaltes, etc.”¹⁰

b) Unha análise metalográfica para coñecer a microestructura do metal. Este método, realizado nunha pequena superficie das pezas en cuestión, “puede definirse como la tarjeta de identidad en la que quedan registradas todas las transformaciones que ha sufrido ese metal durante el proceso de trabajado (martillado en frío o en caliente, vaciado, recocido, etc.)”¹¹

c) Unha análise co Microscopio Electrónico de Barrido que “nos proporcione la composición química de la zona analizada. Este sistema de microanálisis es el más adecuado para el estudio de los métodos empleados en las soldaduras de elementos decorativos como la filigrana y el granulado, zonas difícilmente accesibles con otros sistemas”¹²

9) Senén, Felipe: “O noroeste Ibérico terra de ourives desde sempre”. Revista Quilate n.º 3. Setembro 1991, páx. 33.

10) Pérez Caveda, Alicia: “Tecnología y métodos de estudios”, en “El oro de la España prerromana” (número monográfico de Revista de Arqueología), maio 1989, páxs. 25 e 26.

11) Idem., páx. 26.

12) Idem., páx. 26.

Sen estas análises, que habería que realizar tanto no carneiro alado de Ribadeo como na cabra da Fundación Abegg de Suiza, e un estudio máis exhaustivo cós citados anteriormente, entendemos que é arriscado tirar conclusións sobre a cultura e cronoloxía á que pertencen estas figuras.



Carneiro alado de Ribadeo



Cabra ibérica da Fundación Abegg